

## Indicadores sociais

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivos

O obxectivo principal desta actividade estatística é medir por medio dun conxunto de indicadores a diversidade de aspectos que conforman un concepto pluridimensional de benestar.

#### 2. Aspectos metodolóxicos

Os indicadores dos que consta esta operación agrúpanse en 12 áreas coas súas correspondentes subáreas para poder describir de forma exhaustiva a realidade socioeconómica galega. A estrutura é a seguinte:

##### **Poboación**

Tamaño, estrutura e crecemento da poboación

Migracións

Distribución

##### **Familia e fogares**

Estrutura dos fogares

Estrutura familiar

##### **Traballo**

Estrutura do mercado laboral

Calidade da vida laboral

Relacións laborais

##### **Educación**

Nivel educativo

Recursos

##### **Participación, Xusticia e Seguridade**

Participación no contexto político

Xusticia e seguridade

**Medio**

Contorno físico

Calidade ambiental

Protección do medio

**Vivenda**

Estado da vivenda

Condicións da vivenda

Accesibilidade económica

**Cultura e ocio**

Actividade cultural

Turismo

Medios de comunicación

Deporte

**Ciencia e tecnoloxía**

I+D+i

Novas tecnoloxías

**Renda, distribución e consumo**

Nivel de renda

Distribución da renda

Consumo

Seguridade económica

**Saúde**

Estado de saúde e a súa distribución

Recursos para a saúde e utilización

Estilos de vida que afectan á saúde

**Cohesión e Protección social**

Cohesión social

Protección social

## Definicións

### Poboación

**Taxa de crecemento natural:** relación entre o saldo vexetativo (diferenza entre nacementos e defuncións) e a poboación dese mesmo ano.

**Taxa xeral de fecundidade:** representa o número de nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil (de 15 a 49 anos)

**Índice sintético de fecundidade:** número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil.

**Índice de envellecemento:** relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos.

**Índice de dependencia global:** porcentaxe de poboación menor de 20 anos e de 65 ou máis anos con relación á poboación de 20 a 64 anos.

**Idade media á maternidade:** media aritmética das idades ás que as mulleres teñen fillos, ponderada polas taxas específicas de fecundidade de cada grupo de idade.

### Familia e fogares

**Fogares de tres xeracións:** fogares nos que algún membro do mesmo convive co seu pai e/ou nai, e ao menos un fillo.

**Taxa xeral de nupcialidade:** número de matrimonios por cada 1.000 individuos de 15 ou máis anos.

**Idade media ao primeiro matrimonio:** media aritmética das idades ás que os solteiros contraen matrimonio ponderada polas taxas específicas de nupcialidade dos solteiros.

**Índice sintético de nupcialidade:** suma das taxas específicas de nupcialidade (de primeiras nupcias) e reflicte o número total de matrimonios nunha cohorte ficticia ao longo da súa vida.

### Traballo

**Taxa de actividade:** relación entre a poboación activa e poboación de 16 ou máis anos.

**Taxa de ocupación:** relación entre a poboación ocupada e poboación de 16 ou máis anos.

**Taxa de salarización:** relación entre o persoal asalariado por conta allea e o total de ocupados.

**Taxa de precariedade no emprego:** porcentaxe de asalariados con contrato temporal con respecto ao total de asalariados.

**Taxa de paro:** relación entre os parados e a poboación activa.

**Parados de longa duración:** poboación parada con busca de emprego de 1 ou máis anos.

**Parados de moi longa duración:** poboación parada con busca de emprego de 2 ou máis anos.

**Taxa de accidentes de traballo:** número de accidentes laborais rexistrados con respecto ao total de afiliados á Seguridade Social.

**Taxa de enfermidades profesionais:** número de enfermidades profesionais con baixa respecto ao total de afiliados á Seguridade social.

### **Participación, Xusticia e Seguridade**

**Índice de criminalidade:** cociente entre o número de delitos por cada mil habitantes.

### **Cultura e ocio**

**Viaxeiro:** toda persoa que realice unha ou máis pernoitas seguidas nun mesmo establecemento no mes de referencia dos datos.

**Pernoita:** ocupación por unha persoa dunha ou máis prazas ou dunha cama supletoria dentro dunha xornada hoteleira nun mesmo establecemento.

**Grao de ocupación en establecementos hoteleiros:** cociente en porcentaxe, entre o total de pernoitas do ano e a suma dos produtos do número de prazas ofertadas cada mes polo número de días do mes.

**Estancia media en establecementos hoteleiros:** número de días que por termo medio permanece un viaxeiro nun establecemento. Calcúlase dividindo as pernoitas realizadas no ano e os viaxeiros entrados no mesmo ano.

**Viaxeiro entrado:** toda persoa que realice unha ou máis pernoitas seguidas nun mesmo establecemento pero que chegou ao establecemento durante o mes de referencia dos datos.

### **Saúde**

**Taxa bruta de mortalidade:** número de defuncións por cada 1.000 habitantes.

**Taxas específicas de mortalidade:** cociente entre o número de defuncións de persoas dun determinado grupo de idade e a poboación total nese grupo de idade.

**Taxa de mortalidade perinatal:** defuncións de nenos de menos de 28 días (incluíndo as mortes fetais tardías) por cada 1.000 nacementos (nados vivos máis mortes fetais tardías).

**Taxa de mortalidade infantil:** defuncións de menores dun ano por cada 1.000 nados vivos.

**Esperanza de vida ao nacemento:** a esperanza de vida ao nacemento é o número medio de anos vividos por unha xeración de nados baixo unhas condicións de mortalidade dadas.

### **3. Presentación de resultados**

Na páxina web do IGE pódense atopar os resultados detallados en formato excel para as distintas áreas nas que está estruturada esta actividade.